

## Galicia: una LIX consolidada

por M<sup>a</sup> Jesús Fernández

Unha vez máis teño a satisfacción de iniciar esta breve crónica de actualidade celebrando a concesión do prestixioso Premio Lazarillo 2000 a un libro e unha autora galegos. *Chinto e Tom* (SM, col. O Barco de Vapor), é unha entrañable e divertida historia de amizade e convivencia entre estes dous personaxes que para sentirse máis seguros dormen xuntos collidos da man. Ambos, coa súa boa vontade non sempre eficaz e cos seus disparatados procederes, son unha especie de «Bouvard et Pécuchet», desprovistos da ironía flaubertiana e contemplados con tenrura nos seus desmedidos esforzos por construír unha casa e meter nela a gran cama herdada da súa tía.

### Últimos premios e outras celebracións

Da autora, Gloria Sánchez, para quen aínda non a coñeza, o máis preciso que se me ocorre dicir é que pode considerarse un claro exemplo do que moitos vimos reivindicando como literatura infantil no que implican xuntos estes dous conceptos: *literatura*, pola calidade da linguaxe empregada, pola diversidade e o interese dos temas propostos e polo axeitado do seu tratamento; e *infantil*, sen mal disimulados prexuízos, pola aceptación dos necesarios condicionantes e restricións que o público destinatario impón e que non deben ser vistos como em-

pobrecemento ou limitación, senón, pola contra, como un esforzo engadido para atopar a forma e a maneira de achegar ós nenos e nenas calquera temática e xénero, para saber transgredir a función meramente coloquial da linguaxe e presentala no seu valor connotativo e artístico sendo ó mesmo tempo comprensible. Dirixida sempre ós pequenos lectores (entre os 6 e os 12 anos), xa sexa en verso, en prosa ou como produción teatral, toda a obra de Gloria Sánchez responde á continua busca de novas formas e temas, sen deixar de ser sempre persoalísima e de calidade, evidenciando que se pode ser tenro sen ser afectado, que calquera tema pode ser tratado, e

que o humor pode ser agudo e sutil, se se considera ós lectores intelixentes e capaces.

Sirvan de exemplo destas características que comentamos, ademais do premiado *Chinto e Tom*, os outros dous libros da autora aparecidos nestes últimos meses, o xa reseñado nesta revista *Matapitos.com* (Xerais, col. Merlín), relato no que palpita o espírito do mestre Roald Dalh e, sobre todo, o extraordinario *O home do impermeable amarelo* (SM, col. O Barco de Vapor), colección de brevisimos apuntamentos, mínimos relatos completos e precisos como poemas que lanzan sobre as cousas cotiás unha mirada renovadora, desprovista de rutina, e nolas de-

volver como acabadas de crear, xurdidas ante nós pola máxica acción da palabra que as fai aparecer ó nomealas. A converter este libro unha pequena xoia (pequena pola extensión) contribúen as espléndidas ilustracións de Miguel Calatayud.

Outro autor galego premiado recentemente é Carlos Mosteiro, gañador do Premio Abril 2001 pola súa novela xuvenil *Manual de instrucións para querer a Irene* (Galaxia, col. Sete Mares), relato «de instituto» que nos presenta a Irene, o personaxe protagonista, nun difícil momento da súa vida tentando superar a dor dun amor burlado, do fracaso matrimonial dos seus pais e de asimilar o descubrimento de que posúe unhas capacidades parnormais que non sabe se lle dan medo ou lle poden ser de utilidade. A novela ten un punto de partida orixinal, xa que cuestiona a fronteira entre realidade e ficción, e a propia capacidade do autor para manipular os seus personaxes sen que estes poidan intervir ou rebelarse.

E seguindo con acontecementos e celebracións destes últimos meses, temos que referirnos á emblemática colección Merlín, de Edicións Xerais de Galicia, que vén de celebrar a edición do seu título número 100. E fíxoo sacando á luz tres novos libros de autoría colectiva nos que colabora un bo número de prestixiosos creadores (ilustradores e escritores) altamente representativos, tanto da propia colección na que moitos deles se deron a




M<sup>a</sup> ANTONIA CORTIJS, CATRO PITAS, RODEIRA, 2000.

coñecer como das tendencias e estilos que marcan o bo momento da LIJ galega: *Un saquiño de contos*, dirixido a lectores a partir dos 7 anos, ilustrado por Xan López Domínguez, e no que escriben Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Antonio García Teijeiro e Gloria Sánchez; *Contos para levar no peto* (9 anos, con historias escritas por Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Xosé Antonio Neira Cruz e Antonio Reigosa, está ilustrado por Fran Jaraba; e finalmente, *Historias para calquera lugar* (11 anos), con ilustracións de Miguelanxo Prado e que inclúe relatos de Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, An Alfaya, Miguel Vázquez Freire e Ramón Caride.

Celebramos, tamén, a aparición dunha nova editorial santiaguesa, Madama Mir, que inicia as súas publicacións incluíndo a colección infantil Soñar en papel, na que apareceu publicado o libro de Daniel Buján, *O estraño caso das galiñas desaparecidas*, dirixido a lectores a partir dos 10 anos, que nos conta con ironía e humor unha divertida historia, parodia dos clásicos relatos de intriga. Nela dous atípicos compañeiros, a viúva Ramona e o Raposo Lambón, colaboran no esclarecemento dun misterioso suceso. Como nunha moderna fábula, neste conto, ademais dos citados protagonistas, aparecen lobos que actúan como «lobos» e gorilas que fan o papel de «gorilas». Desexamos á nova colección sorte e longa vida.

### Lectores de imaxes

Pasamos xa a botar unha ollada xeral ós demais libros publicados nestes meses, e imos facelo agrupándoos por tramos de idade dos lectores para os que van dirixidos. Farémolo así por unha razón de ordenamento, aínda que debemos advertir que descremos bastante desta clasifi-




cación, xa que, como ben sabemos, non existe (afortunadamente) o neno-tipo e serán os intereses individuais e o particular dominio da linguaxe os que en último termo marquen a idoneidade da elección dun determinado título. Por outra banda, que resistentes a ser clasificados son algúns libros!, e tamén, cantas lecturas diversas podemos facer dunha mesma obra nos distintos momentos da vida!

Isto que comentamos é xustamente o caso das estupendas coleccións de libros-álbum da Editorial Kalandraka, que continúa editando coa excepcional calidade que a caracteriza desde os seus comezos, ofrecendo ós prelectores e primeiros lectores títulos que os inician no coñecemento das historias universais e os achegan ás propostas anovadoras de autores e autoras actuais. Todo isto, enriquecido cunha maquetación e cunhas ilustracións vangardistas de gran

calidade que converten estes libros en obxecto de pracer estético para calquera persoa amante das fermosas publicacións.

A colección Os Contos do Trasnó Comodín devólvenos no seu privilexiado soporte as antigas historias da tradición e nela podemos gozar dos traballos de ilustradores como Óscar Villán (*Os dous corcovados*), Roger Olmos (*Tío Lobo*), João Caetano (*O traxe novo do rei*) ou José Ignacio García (*O xastriño valente*).


As mesmas características gráficas e de edición atopámolas na colección Demademora, dedicada a historias orixinais en galego e que ultimamente nos proporciona catro novos títulos: *Paco*, unha historia de ratos da que son autoras Paula Carballeira polo texto e Blanca Barrio polas ilustracións; *Lucinda e o inspector Vinagre*, que trata o tema da intransixencia sinxelamente contado ós nenos, obra de Mari-



sa Núñez e João Caetano; *Onde perdeu Iria a risa?*, conto con clásica estrutura «itinerante», que ten por autores a Mirian Sánchez e Federico Fernández; e *Dinosaurio Belisario*, fábula rimada que trata do abuso de poder, escrita por Pepe Cáccamo e ilustrada por Carles Arbat.

Nesta mesma colección e tamén na chamada Seteleguas, Kalandraka permítenos gozar da tradución ó galego de autores actuais e de auténticos clásicos do álbum ilustrado como os excepcionais Tomi Ungerer (*Os tres bandidos*), Janosch (*Que bonito é Panamá!*), Reiner Zimnik (*Xonás o pescador*) ou Chloé Poizat (*Máquinas*).

Moi interesante é tamén a liña infantil da colección Montaña Encantada, da Editorial Everest-Galicia. Nestes últimos meses publicou para os pequenos *Micifú e os seus amigos*, escrito por Ramón Caride e ilustrado por Fernando L. Juárez; *Un circo de*



ROGER OIMOS, TÍO LOBO, KALANDRAKA, 2000.



FRAN JARABA, CONTOS PARA LEVAR NO PETO, XERAIS, 2001.

nubes, con texto de Xoán Babarro e imaxes de Xosé Cobas, clásica historia rimada que xoga cos números para ir presentando todo un espectáculo de nubes que permite ó ilustrador personificar as formas cambiantes e voluminosas do ceo; e, sobre todo, o estupendo *Nube de neve*, xa reseñado nesta revista, magnífico traballo do escritor Xabier P. Docampo e do ilustrador Xosé Cobas, que é un deleite en todos os sentidos.

Tamén vai dirixida a estes lectores a colección Merliño de Xerais, na que se publicaron recentemente tres novos títulos: *Os señores meses*, escrito e ilustrado por Ánxeles Ferrer, conto rimado que ten como protagonistas os doce meses do ano; *O coello Federico*, escrito por Xosé Miranda e ilustrado por Roberto Yepes que, tamén con estrutura rimada, conta como o coello Federico descobre que lle encantan os amorodos e que os seus primos non son moito de fiar; e, o que máis nos gustou, tanto polo texto como polas ilustracións, *Carlota a marmota*, historia «itinerante», composta por Miro Villar en coidadas estrofas que amosan a protagonista buscando remedio para o seu problema de está, ilustrada polo persoalísimo Enjamio.

A colección O Parrulo, da Editorial Ir Indo, presenta o libro *A casa do grilo e da chicharra*, de Azucena Arias Correa e debuxos de Xulia Barro. Para finalizar con este grupo, imos referirnos á colección Os Bolechas (A Nosa Terra), con textos e ilustracións de Pepe Carreiro e que nestes últimos meses sacou oito novos títulos para os máis pequenos.

#### Os máis favorecidos: lectores de 7 a 12 anos

Un amplo e diverso tramo de idade é o dos lectores comprendidos entre os 7 e os 12 anos. Segundo as estatísticas, é nestas idades onde se atopan os maiores índices de lectura. Como era de esperar, neste tramo é onde atopamos máis cantidade e variedade de títulos.

Seguimos observando o interese de autores e editores pola tradición oral popular, ben ofrecendo coleccións que recollen este tipo de literatura, ben retomando personaxes ou estruturas clásicos na creación de modernas historias. No primeiro caso, sinalaremos a continuación da colección Cabalo Buligán, de Xerais, que, na liña de rigor e calidade que a caracteriza, vén de

engadir ás súas anteriores publicacións catro títulos máis: *Contos de animais I e II*, e *Contos de maxia III e IV*. Os responsables da recollida, selección e adaptación, como nos casos anteriores, son Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba, e o bo traballo de ilustración débese, respectivamente, a Manuel Uhía, Xosé Cobas, Xan Balboa e Irene Fra.

Igualmente, a colección Contos Populares, da Editorial A Nosa Terra, sacou seis novos títulos que recollen historias clásicas, seleccionadas e adaptadas como, vén sendo habitual, polo Colectivo Crisol. E outra colección de características similares é a chamada Contos Marabillosos, de Edicións Do Cumio, con outros seis títulos nos que a adaptación foi obra de Xosé Ramón Mariño Ferro.

Algúns destes estudiosos da literatura popular inspíranse directamente nela para construír persoais historias que actualizan a mensaxe. Así, Xosé Miranda, na súa novela *Feitizo* (Xerais, col. Merlín), crea o personaxe dunha rapaza que non quere seguir a tradición que a levaría a se converter nunha meiga como era o destino de todas as mulleres da familia; e no relato *Lúa e os nubeiros* (Galaxia, col. Sete Ma-

res), inventa unha aventura que se desenvolve polo aire e que ten como personaxe a un *tronante*, ser que, segundo a tradición popular, é o encargado de xuntar as nubes que desencadean as treboadas que derraman as colleitas, e no que tamén aparecen bruxas, obxectos máxicos de extraordinarios poderes, feitizos, animais falantes e ananos «cambianenos».

Pola súa banda, Antonio Reigosa, no libro *Resalgario* (Xerais, col. Merlín), recrea unha selección de relatos tradicionais, dándolles como protagonista un pícaro un tanto especial, o demo Resalgario, que debe pasar un ano na terra entre os humanos facendo a peregrinación a Compostela, cumprindo así o castigo imposto polo seu pai o Demo Maior.

Orixe marcadamente tradicional ten o conto *O neno mentirán e o lobo* (Galaxia, col. Árbore), escrito por Francisco Delgado Rodríguez, que volve contar a coñecida historia situándoa nun ambiente rural galego. Así mesmo, o libro de Xoán Babarro, *Lobo, lobo* (Everest, col. Montaña Encantada), conta de forma versificada as peripecias deste emblemático animal, sempre disposto a facer maldades e case sempre fracasado no seu intento.

É, finalmente, o propio lobo quen neste libro confesa cal é o papel que a tradición literaria lle vén encomendando desde tempos remotos.

Este autor, Xoán Babarro, e tamén a súa frecuente colaboradora Ana María Fernández, xa sexa na obra que teñen en común ou na de cada un deles por separado, atopan inspiración nos temas e formas da literatura popular. En prosa, Babarro vén de publicar recentemente un libro de relatos breves, *A nena de flan* (Alfaguara/Obradoiro), con ilustracións de Xan López Domín-

guez e que nos ofrece unha colección de 27 pequenas historias ordenadas alfabeticamente; moi diversas entre si, teñen como fio conductor a presenza dunha narradora, a pequena Leti, que en cada unha delas evoca a voz e a figura do seu querido avó Pancho, recentemente falecido. Dentro da gran variedade de perspectivas, a maioría reflicten a realidade cotiá vista cos ollos inocentes da infancia, e non eluden amosar aspectos desagradables como a pobreza, a marxinalidade ou o desarraigo; mesmo algunhas historias, como a que dá título ó libro, non dubidan en amosar a crueldade revestida dun toque poético que non a oculta. Mágoa que a edición estea pouco coidada.

En verso débemoslle a Xoán Babarro un fermoso libro de poemas, titulado *Ten, ten, a miña casa ten* (Galaxia, col. Árbore), ilustrado por Fino Lorenzo, no que, utilizando acertadamente gran variedade de recursos poéticos, crea un universo no que se personalizan afectivamente as terras e a paisaxe de Galicia e se xoga coa sonora toponimia dos lugares, de xeito que as montañas, os ríos, as poboacións, os accidentes costeiros..., son ó mesmo tempo suxeito e obxecto poético das composicións.

Ana María Fernández escribe en verso, para os máis pequenos deste grupo *A casa de había unha vez* (Xerais, col. Merlin), magnificamente ilustrado por Enjamio, no que os áxiles e rítmicos poemas van facendo aparecer numerosos personaxes dos contos maravillosos que xa forman parte do acervo literario da infancia. En prosa, escribiu recentemente *Bastón, Bombín e Bombón* (Sotelo Blanco, col. Infantil e Xuvenil), aventura protagonizada por obxectos animados, un bastón e un sombreiro, dos que é compañeiro inseparable o rato Bombón, así chamado pola súa afección ó chocolate,

que nas súas correrías teñen oportunidade de atopar diversos personaxes e de vivir variadas situacións. A Ana María Fernández débemoslle tamén un dos escasísimos textos teatrais, *Tres risas e unha voda* (Everest, col. Montaña Encantada), é un conxunto de catro pequenas pezas que, ademais das súas posibilidades de representación, poden ser lidas con agrado polos pequenos lectores.

Outro texto dramático de recente aparición é o titulado *El-Rei Artur e a abominable dama* (Ir Indo, col. Infantil e Xuvenil), adaptación dun episodio das sagas artúricas, escrito por Carmen Domenech, Jorge Rey e Marilar Aleixandre, no que aparecen o célebre Rei Artur e o cabaleiro Galván recorrendo camiños e vilas na procura da resposta a unha transcendental pregunta: «Que é o que máis desexan as mulleres?». Seguro que a resposta que finalmente atopan non perdeu vixencia nos moitos anos transcorridos.

O teatro aparece como tema central no relato para primeiros lectores escrito e profusamente ilustrado por Xan López Domínguez co seu inconfundible estilo, *A princesa e o dragón* (Casals, col. O Trolébús), delicioso monólogo no que a pequena protagonista cóntanos con singular gracia como transcorreu a representación teatral na que participaron ela e os seus compañeiros da escola.

Moi interesante é tamén o libro de relatos breves *Contos para Manuela* (Alfaguara/Obradoiro), do que é autor Mario Pereira, un escritor que nos deixou con moi boas expectativas desde que coñecemos o seu primeiro traballo publicado, *Velai vai o verme* (Galaxia, col. Sete Mares), historia coa que gañou o Premio Raíña Lupa. Nesta ocasión, decide unir tradición e novidade, xa que no aspecto formal os relatos son unha explícita ho-

menaxe ó mestre Gianni Rodari, ofrecendo tres posibles finais, comentados e valorados polo propio autor. A orixinalidade está nos temas que se abordan, aínda que tampouco deixamos de percibir neles o carácter de fábulas morais como una clara influencia do grande escritor italiano.

Para os máis novos deste grupo, a colección Merlin de Xerais presenta *Anamarciana*, escrito e ilustrado por Alberto Varela Ferreiro, no que dá a coñecer a unha nena doutra galaxia que ten moitos puntos en común cos actuais cativos da Terra. E nesta mesma colección escribe Oli o seu relato *Aníbal quiere encoller*, con notables debuxos de Ramón Trigo, que amosa os desesperados e inútiles intentos dun rapaz para facerse máis pequeno e poder penetrar nos segredos da terra.

Dúas autoras presentaron relatos de características similares na súa concepción, trátase da veterana Concha Blanco, que escribe *Quero que veñan meus pais* (Casals, col. Trolébús), e da recén incorporada Leticia Dotras, con *Soños de Carme* (Ir Indo, col. O elefante Contacontos). En ambos casos, atopamos un narrador infantil en primeira persoa co seu particular e aínda inexperto uso da linguaxe, que analiza de maneira crítica e ó mesmo tempo inxenua a realidade cotiá na que vive.

A Editorial Rodeira-Edebé contou con dous prestixiosos autores que non soen defraudar. Xabier López Rodríguez, bo coñecedor do mundo animal, sitúase esta vez nun curral e, coa historia *Catro pitas* (Tucán), preséntanos catro galiñas que xuntan esforzos para sacar adiante a súa rodada de pitos. Darío Xohán Cabana tamén sabe de animais e de nenos, e nolo demostra no libro *Irene e a cadela sabia* (Tucán), bonita historia na que, ademais, o autor comenta



cos lectores os procedementos cos que vai facendo progresar o relato.

A Editorial Ir Indo, para este tramo de idade, ademais dos textos xa citados, ofrece outras novidades: *A castaña que chegou a árbore*, escrita por Tucho Calvo; unha nova aventura de Glub, o peixe creado por Isabel Freire Bazarra que, en *Un susto para Glub*, volve a introducirnos no pequeno microcosmos do acuario, e *O bebé máxico*, de X. Henrique Rivadulla, historia contada desde o punto de vista dun bebé que aínda non aprendeu a falar e que é o primeiro abraiado pola cadea de acontecementos que a súa presenza pon en marcha.

Pola súa parte, Everest-Galicia editou un precioso libro, de luxosa factura e fóra de colección, titulado *No corazón da fraga*, con espléndidas ilustracións de Suso Cubeiro e texto de Francisco Fernández Naval, no que o protagonismo recae no propio bosque presentado como lugar orixe da vida, tanto da vida real que a todos sustenta e é patrimonio de todos, como da vida máxica que dá materia ós soños e ás crenzas ancestrais que configuran a nosa forma de ser.

Outro libro desta editorial, aparecido na colección Montaña Encantada, débémollo a Xabier P. Docampo quen, coa colaboración gráfica e a complicidade de Xosé Cobas, engade un novo nome propio á lista dos seus inconfundibles personaxes infantís. *Os ollos de Ramón* sitúase unha vez máis no ámbito do fantástico-cotían e preséntanos a un rapaz estrábico, que pode captar dúas imaxes ó mesmo tempo e fusionalas nunha única realidade, dando lugar a curiosas e divertidas combinacións; dada a capacidade de serio humor que lle coñecemos ó autor e o seu preciso uso da linguaxe, o libro é unha das máis estimulantes lecturas desta temporada.

## Algunhas pérolas para lectores de 12-14 anos

O seguinte tramo de idade ó que nos referiremos é o comprendido entre os 12 e os 14 anos, cunha produción cuantitativamente menor pero con algunhas moi notables achegas. Atopamos para estes lectores diversas variantes do clásico xénero de aventuras. Carácter futurista ten a nova entrega de Ramón Caride ó ciclo protagonizado polos irmáns Said e Sheila, que nesta ocasión titúlase *O futuro roubado* (Xerais, col. Merlín), e que fai vivir ós protagonistas unha viaxe no tempo situándoos no seu pasado, que é o noso presente, e os leva a unha vila costeira de Galicia, onde terán oportunidade de axudar os seus habitantes desenmascarando as maquinacións de desaprensivos individuos que non dubidan en matar e destruír para acadar os seus escuros intereses.

Matiz histórico é o da aventura escrita por Rafael Fernández Lorenzo, *As flores do meu amigo* (Xerais, col. Merlín), que sitúa a súa acción na Galicia medieval, concretamente no século XIII, e fai aparecer entre os protagonistas a Paio Gómez Chariño, trobador de cantigas galaico-portuguesas.

Aventura tamén, con ingredientes de misterio e fantasía e protagonizada por unha banda de amigos, é a proposta de Milagros Oya, no relato *A vinganza da mancha* (SM, col. O Barco de Vapor).

Outro tema frecuente é o da conquista da propia identidade na difícil etapa da adolescencia e que foi tratado no relato *Déixao medrar* (Xerais, col. Merlín), de Silvestre Gómez Xurxo. O libro preséntanos un mozo interiormente confuso, dubidando entre satisfacer os obsesivos desexos do pai, que quere velo convertido nunha estrela do fútbol sen importarlle os sacrificios que iso

implica, e as súas propias necesidades de ter unha vida normal e sen presións, coma calquera rapaz do seu tempo.

O coñecemento e a valoración da natureza como medios eficaces para amar e preservar o contorno é tema que tamén interesa ós autores que escriben para estas idades. Así, Andrés Toxeiro, un bo coñecedor da realidade que reflicte, escribe a súa novela *Memorias de Viriato* (Ir Indo, col. O Elefante Contacontos), dándolle a forma de memorias nas que unha femia de xabaril narra as súas experiencias e as súas relacións cos humanos, cos seus conxéneres e con outros animais, situando o escenario destas andanzas nos montes que miran ó mar desde a agreste serra da Capelada.

Agustín Fernández Paz tamén se interesa por achegar os seus lectores a este amor pola natureza. Na ocasión que comentamos faino mediante a historia titulada *No corazón do bosque* (Anaya, col. Sopa de Libros) que relata a amizade e mutua colaboración entre dous singulares amigos: unha nena na que o autor simboliza o esperanzador futuro dunha humanidade máis culta e sensible, e un trasno, último habitante das fragas atlánticas nas ribeiras do Eume quen, á súa vez, representa simbolicamente valores esenciais que están en perigo de desaparecer, tanto os de preservación do medio natural en si mesmo como os do mundo da fantasía que dota á natureza do poder máxico das criaturas míticas que nel teñen a súa orixe. As espléndidas ilustracións que acompañan o texto son de Miguelanxo Prado, que soubo crear un trasno de gran personalidade.


Nesta mesma colección Sopa de Libros, apareceu un singular libro, deses que dificultan ó comentarista a súa clasificación en canto ós destinatarios. Falamos do fermoso *Catro cartas*, enriquecido coas ilustracións de Fi-

no Lorenzo, que amosa unha nova faceta do escritor Xabier P. Docampo, o seu rexistro máis persoal, xa que é a propia voz do autor a que escoitamos dirixíndose en ton íntimo ós destinatarios das cartas, que non son catro senón cinco: a amada, o fillo, a nai, Robert Louis Stevenson e o propio lector. P. Docampo regálanos un libro no que fala da súa propia aprendizaxe sentimental, mesturando de maneira natural e indisoluble os afectos de neno e de home co amor pola literatura e por aquelas criaturas de ficción que enriqueceron a súa vida e a dotaron de palabras que axudan a construír o mundo.

Tamén hai poesía neste tramo. Dous libros, e os dous debidos a Antonio García Teijeiro. *Aire sonoro* (Ir Indo, col. O Elefante Contacontos), conxunto de poemas cos que o autor rende homenaxe, unha vez máis, á música, ese «aire sonoro» que dota os seus versos dunha gran forza rítmica e propicia a creación de suxerentes imaxes poéticas que atopan a súa correspondencia nas axeitadas imaxes gráficas de Xosé Cobas, partícipes das calidades evanescentes e cambiantes da propia música. *O que ven os ollos dos nenos* (Xerais), libro de cuidada factura fóra de colección e con ilustracións de Fino Lorenzo, que poderíamos definir como prosa poética, e que vai alternando nas súas páxinas a mirada que un neno e dunha nena lanzan sobre un mundo duro e difícil de problemas persoais e inxustizas sociais, e que tamén lle dá ocasión ó autor para homenaxear os seus poetas máis amados.

## Todos os xéneros para maiores de 14 anos

Entramos xa no último tramo, o dos lectores xuvenís maiores de 14 anos. Este ano o número de libros escrito para eles foi me-



JOÃO CAETANO, O TRAXE NOVO DO REI, KALANDRAKA, 2001.

nor respecto a etapas anteriores, pero a calidade media é boa. Iremos vendo.

Hai uns cantos títulos que teñen en común o ser concibidos como a mirada retrospectiva que un adulto fai do seu pasado, da súa infancia e mocidade, en períodos de tempo máis ou menos longos. Neste grupo atopamos novamente un libro difícil de clasificar, escrito por un dos máis prestixiosos autores da actualidade. *Un polbo xigante* (Galaxia), do que é autor Carlos Casares, non é de ningunha maneira un libro destinado unicamente ó público xuvenil, e o feito de estar fermosamente editado, enriquecido coas ilustracións de Enjamio, é un pracer engadido do que gozamos todos os lectores. A breve historia, que combina con mestría o humor e o drama, introdúcenos nos recordos do protagonista, que rememora a súa infancia transcorrida nunha localidade mariñeira na que a dura realidade é reinterpretada con criterios máxico-relixiosos

que axudan a sobrelevar as difíciles condicións de vida. Moi interesante é o punto de vista narrativo deste personaxe adulto que, influído polo ambiente, resucita o neno suxestionable que foi que non deixou de vivir no seu interior. O mar é o trasfondo deste relato de Carlos Casares.

Tamén o mar e as súas xentes son protagonistas principais do libro *A pesca está no vento* (Ir Indo, col. O Elefante Contacontos), escrito por Xosé Antonio Ventoso Mariño, que toma a forma de memorias de infancia para introducirmos na vida cotiá dun rapaz que deixa prematuramente a seguridade e os xogos da nenez para iniciarse na esforzada vida dos mariñeiros, e faíno mediante breves episodios que amosan unha realidade e unhas xentes que o autor coñece ben e retrata eficazmente.

O mar, inspirador xenuíno dos mellores relatos de aventuras, é o marco que Rafael Lema escolle para unha novela que segue fielmente as pautas dos clásicos do

xénero. *Capitán Araña* (Sotelo Blanco) proporciónanos unha apaixonante lectura cun narrador, único sobrevivente dun naufragio, quen, á maneira de Ismael, o protagonista de *Moby Dick*, rememora os acontecementos que se foron encadeando para dar lugar á traxedia. A época é o tránsito entre os séculos XVIII e XIX e o escenario principal o litoral galego da Costa da Morte.

Outro adulto que rememora a súa infancia é o protagonista da novela de Pepe Carballude, *Paisaxe con fondo gris* (Galaxia, col. Costa Oeste). Neste caso, é un home novo que vela o cadáver do seu pai e realiza unha dolorosa evocación, a modo de catar, dun pasado que tamén enterra definitivamente. O neno que xorde dos seus recordos é un rapaz da aldea que se move nun ambiente de escurantismo, intransixencia e pobreza, e que loita por saír destas limitacións. O seu relato pode axudar ós posibles lectores a coñecer un pouco mellor os seus propios pais, xa

que o ambiente que retrata, anos 60 e 70, aporta unha características xeracionais bastante comúns.

Un pasado máis remoto, marcado por extraordinarios acontecementos que teñen configurado a historia da nosa civilización occidental, é o presente narrativo que rexe as vidas dos personaxes xuvenís de *A escura luz do Tíber* (Rodeira, col. Periscopio), novela escrita por Lola Gándara que centra a súa acción na Roma Imperial, nos tempos de Nerón.

O presente actual, enfocado desde distintas perspectivas, é o punto de partida doutra serie de relatos. A difícil realidade dos inmigrantes, contada desde as propias vivencias dos seus protagonistas, é o tema da novela *Calla sen saída* (Galaxia, col. Costa Oeste), primeiro libro do camerunés Víctor Omgba.

Fina Caslderrey, na novela *A máscara de palma* (Galaxia, col. Costa Oeste), amósanos o atormentado mundo interior da súa protagonista, que deixa atrás a nenez arrastrada pola forza dun

amor pouco convencional que ó mesmo tempo que esperta nela os seus sentimentos de muller a leva ó descubrimento de vidas e paixóns estrañas e perturbadoras. Unha presenza especial nesta historia a ten a cidade de A Habana, dura e fascinante realidade que deixa na rapaza unha pegada indeleble.

Moi interesante é a novela urbana de M. Lourenzo González, *O que é a vida* (Xerais, col. Fóra de Xogo), cunha trama ben equilibrada que desenvolve dúas historias paralelas que ó final conflúen dramaticamente. Unha delas ten como protagonista a Teo Runner, mozo repartidor de pizzas que adorna a súa mesquiña existencia construíndo fantasías nas que emula os heroes do cine, restablecendo a xustiza e namorando fermosas mulleres. A outra constitúe un triángulo amoroso formado por dous homes e unha muller que poñen en marcha uns acontecementos que acaban arrastrándoos e converténdolos en vítimas e verdugos.

O xénero de misterio e fantasía está representado para este grupo na novela de Milagros Oya, *Setna o exipcio* (Everest, col. Montaña Encantada), complexa trama que ten como argumento central a situación dun mozo que é asaltado por pesadelos nocturnos, nos que se reitera a presenza dun escuro personaxe chamado Setna. Os intentos do rapaz por comprender o que lle está a pasar lévano a un labirinto no que se mestura o presente con inquietantes historias do pasado.

Rematamos este repaso da actualidade citando dúas estupendas novelas de Xosé Antonio Neira Cruz que foron obxecto de sendos premios literarios. *As cousas claras* (Xerais, col. Fóra de Xogo), Premio Merlín 2000, é un relato en primeira persoa protagonizado por una rapaza que cuestiona o seu propio comportamento e o das persoas que a ro-



XOSÉ COBAS, CONTOS DE ANIMAIS II, XERAI, 2001.

dean. As relacións familiares, o amor, o sexo e os afectos son temas sobre os que esta moza reflexiona movida polas propias circunstancias e polos acontecementos que alteran a vida cotiá do seu ambiente próximo. O eixo central da historia pasa polo estraño accidente que sofre un dos profesores da protagonista, que parece a culminación dunha campaña de acoso a alguén que non se axusta ós patróns socialmente establecidos. No seu interese por coñecer a verdade dos

feitos, a rapaza e un amigo ven-se envoltos nunha cruel e violenta historia.

O outro libro deste autor é *Os ollos do Tangaleirón* (SM), Premio O Barco de Vapor, 1999. Trátase dun relato de aventuras na liña clásica do xénero que apoia a súa acción nuns personaxes moi atractivos, tanto a rapaza protagonista como a encantadora parella de anciáns que a acompañan, e que nos traslada á Serra dos Ancares.

Neste lugar, conflúen diversos

personaxes, todos eles interesados por diversas causas, mellor ou peor intencionadas, na localización do mítico tangaleirón, ser fabuloso que as crenzas populares sitúan nestas montañas. É notable a maneira como o autor suxire a presenza deste ser, que no relato está simbolicamente asociado cuns valores naturais e culturais que é necesario preservar e defender.

## Unha literatura de calidade

Como resumo do exposto, despréndese que a LIJ en Galicia e en galego continúa estable na liña de calidade e interese que a vén caracterizando nestes últimos anos. A narrativa segue a ser o xénero máis cultivado con diferencia, e nela atopamos un amplo abano de temas que pretenden captar os diversos intereses dos lectores ós que se dirixe. A fantasía e a tradición teñen unha importante presenza, sobre todo nos primeiros tramos de idade, e a representación da realidade vaise impondo a medida que os libros se dirixen a lectores xuvenís. Pódese falar de autores e autoras consagrados que seguen creando e ampliando o panorama, cada un desde o seu persoal estilo, e tamén, en certa medida, apréciase a incorporación de novos nomes que evidencian o interese que o público infantil-xuvenil esperta nos escritores e a discreta aposta das editoriais por dar a coñecer valores novos.

Como contrapunto deste panorama positivo e esperanzador, temos que lamentar a desaparición da revista de cómic infantil *Golfinho* que, pese a ser a única en Galicia das súas características, non conseguiu captar o interese dos potenciais destinatarios. Agardamos que os seus responsables reformulen a idea e que este non sexa un adeus definitivo. ■